

Comentarios do blog de IES Sánchez Cantón no curso 2012-2013

Os megatoxos e a espada esmeralda

Os Megatoxos son catro rapaces que adquiriron superpoderes ao entrar en contacto cunha planta moi especial chamada Toxo. Os seus nomes son Ninfa, que ten o poder de controlar as plantas, Lúa, que pode facer calquera meigallo cando atopa a rima apropiada, Faísca, que pode xerar e controlar o lume e por último Ruxe, que se pode transformar en calquera animal e adquirir as súas cualidades. Os Megatoxos están no colexio cando de súpeto teñen que ir a un mosteiro na antigüidade, onde coñecen aos xemelgos. Estes son dous rapaces malvados que teñen o poder do Toxo e intentan conseguir a espada esmeralda. É unha espada que ten un poder increíble pero ao collela, Faísca ... Cando rematou esta aventura para os Megatoxos, aínda lles quedaba a sorpresa de que os xemelgos ...

A min gustoume moito este libro non só porque é de aventuras fantásticas, senón porque tamén ten toques graciosos como cando Ruxe e Faísca se burlan de Ninfa dicindo: Flower Power, Flower Power... A linguaxe deste libro para min non foi nada complicada e en ocasións fíxome rir, por exemplo cando Faísca se refire ao Toxo como "esa estúpida planta dos...", e ás veces explican con palabras normais que se entenden moi ben cousas que poderían ser difíciles de comprender, como cando explican que os espellos reflectían luz e imaxe. Recomendaríalla tanto a nenos como nenas aos que lles gusten as aventuras fantásticas e algunhas cousas 'científicas'. **(Roberto)**

Nesta nova aventura os Megatoxos viaxan ata a Idade Media. É moi divertido e gustoume moito. Moi ben redactado e fácil a ortografía. A quen lle recomendarías a lectura deste libro: Á xente aventureira e fantástica.

Este libro é fantástico, trata de catro nenos que teñen poderes. Un se chama Ruxe, que ten o poder de transformarse en animais, o seguinte é Faísca, que ten o poder de facer e controlar o lume. Logo esta Lúa, que tiña poder de facer maxia, pero se cansaba moito se facía moitos conxuros. E a derradeira é Ninfa, que tiña o poder de controlar a natureza. Pero non queren ter poderes, entón foron ao medievo a buscar o toxo que lles fixera ter poderes e encóntranse cun neno chamado ..., dixo que era escudeiro e ... Mais tarde atoparon unha espada dentro dunha sala, os megatoxos tiveron medo de que fora perigosa e decidiron rompela, pero ... Os megatoxos intentaron impedilo, e ... un deles era xigante e levaba a unha nena vestida da mesma forma que ... O moustro de pedra deixou a nena con ... Non me gustou o libro porque me parece que estes nenos teñen uns poderes que non son innovadores e que xa son coñecidos. A linguaxe non me pareceu mala nin boa porque se entendía ben. A quen lle recomendarías a lectura deste libro: aos nenos que lles gustan os libros de nenos con poderes. **(Antonio)**

Trata sobre os Megatoxos un grupo de catro nenos: Ruxe, Faísca, Ninfa e Lúa, que seguen loitando por encontrar o Toxo que lles deu os seus poderes e que pode moverse no tempo e no espazo. Desta vez viaxan ata un antigo mosteiro medieval no que coñecen a dous nenos: Ezbel e Exeria, irmáns xemelgos que tamén teñen poderes. Loitan por conseguir o dominio dunha espada afectada polo Toxo que refulxía cunha luz verde esmeralda. Como o resto dos libros gustoume moito. Trata do mesmo e cóntao da mesma maneira especial. Está moi ben escrito, expresa moi ben a forma de ser e de falar nos diálogos dos mozos. Ademais non ten un vocabulario galego moi complexo polo que é moi fácil de entender. A quen lle recomendarías a lectura deste libro: ás persoas que lle custa ler en galego, e que lle gusta este tipo de libros, pois é moi fácil de entender e é moi divertido. **(Gabriela)**

Este libro, ao igual que o primeiro, encantoume porque é un libro de aventuras é moi interesante, gracioso é entretido. Ten unha linguaxe moi fácil, que se entende ben, así que o entendín todo sen necesidade de buscar no dicionario. A quen lle recomendarías este libro: a calquera persoa a que lle gusten os relatos de aventuras, dende a adultos ata novos. Os protagonistas, os Megatoxos (Lúa, Faísca, Ninfa e Ruxe) son reclamados outra vez pola Profesora Larafouzas para outro intento de capturar o toxo, e on levados á Idade Media, a un mosteiro. Encóntranse cuns irmáns que intentan conseguir a espada esmeralda (espada cunha cor verde cun poder enorme). Pero os megatoxos, nunha ... Finalmente vanse ao colexio e hai dous novos. **(Alba)**

Os Megatoxos son catro nenos que ao entrar en contacto con un toxo adquiren poderes sobrenaturais. Viaxan, neste caso, a un antigo mosteiro encantado no que lles ocorren emocionantes aventuras na biblioteca ou nun grande labirinto de pedra enmeigado. Coñecen

a outros dous mozos que tamén teñen poderes e loitan por conseguir a prezada espada esmeralda. Todo remata ...

Gustoume o libro pero lieime un pouco cando ía pola metade e tiven que volver a comezalo. Gustoume moito máis o libro un. Paréceme que o libro está moi ben escrito, pero algunhas palabras tiven que buscalas no dicionario. Chamoume especialmente a atención como remataban algunhas palabras coma imposíbel. Recomendarían a xente que lle gusta a ciencia ficción e as aventuras. Penso que é para nenos especialmente, aos adultos non lles gustaría polo exceso de ciencia ficción non crible. (**Elena**)

Trata sobre a segunda aventura dos megatoxos na procura do toxo. Encantoume o libro por que a min gústame moito a fantasía. Ademais era moi divertido. É unha linguaxe sinxela e entendín todo por que é un libro duns mozos, non de adultos. A que lle recomendarías este libro: ás persoas que lles gusten os libros de aventuras e fantasía. (**Sara**)